

CARBALLEIRAS DE OURO

"Ai, nenfía,...aque! runxir
dos nosos pasos polo carballido!
.....
.....
E o soute érchese todo de ledicia,
vello amigo dos mozos sefardosos.
.....
.....
No medio dos carballos, nun relanzo
as pilas de follasca, qué ledicia
para xogar os nenos ás rouladas!"

Aquilino Iglesia Alvariño

("Cómaros verdes", 1947)

.Vivíamos en carballeiras, todas elas de ouro en Outono,
e en Abril aos nenos nacénlles ás de anxo.
Bailabamos toda a noite baixo o tambor da lúa.
Eramos feiticeiros, poetas, monxes, namorados e guerreiros.

Carballeiras con seiva de ferro, pero folla
de lume e ouro, como forxado ou burilado.
Elas dábannos todo: comida en abundancia;
madeira para as armas e o traballo,
suave, dondo acubillo na hora do lecer...

Cruzabamos ríos con pincheiras
onde os nenos chapotaban espléndidos de sol,
baixo a serena e atenta mirada das nais desde a sombra.

Viviamos felices no centro de nós mesmos, donos de nós,
libres, sabios e prudentes.

Era unha raza forte onde non entrara o verme da discordia.

Con múltiples etnias solemnes e fondas como raiceiras.

Fervillaba o pobo en paz

e ría fervoroso.

Era pobo guerreiro e, sen embargo, amantiño.

Pronunciaba só as palabras xustas e precisas.

Bebíase, sen distinción de monxe e druidesa, unha cervexa

feita de belota

e comíase un saboroso pan de millo miúdo do país.

Atinabamos, certeiros, co arco, ao cervo succulento e

xabarín furioso, que a druidesa matara.

Pescábase peixe en abundancia e esquivias anguías.

Tiñamos o castro e a citania

a gobernar desde o alto o falo lanar,

Vacas rubias e toda clase de avenza

nos prados de maceira

antes do fermoso mercado medioeval.

Pero velaí está que apareceu, a sur e a leste,

o romano poderoso que edificou muralla ciclópea,

asentadas igrexas baixo os mandatos superiores,

descoñeço se Supremos, como Supremo é Deus.

Para nós, na carballeira e na citania,

fíxose a sombra

e foi coma se perderamos o sentido circular do tempo

e todo foi despois **memoria da auga**,

afirmación desde as primixenias orixes.

Nós sempre viviamos a realidade tal cal é,
sen anguria nin vanas ilusións.

Viviamos unha realidade marabillosa,
cal é a mesma realidade.

Porque do soberbo román parece que nos quixo cegar
a rechamante cor do ouro tan cobizado.

O Señor de Roma levou ese fulgor de luz (pra nós ficticia)
pero fíxose co noso maior patrimonio, o importante:
todo o estaño expoliado das mesmas entrañas da terra,
o estaño preciso para soldar o seu grandioso Imperio.

E nós ficamos emprobecidos porque esa era precisamente a
nosa esencia: a de vivirmos unidos,
cadaquén na súa casa
pero ninguén en casa allea.

Porque un pobo só vence o infortunio do tempo
e das idades, non con ser moi rico,
pero si con ter conciencia colectiva, sentirse parte
dunha estirpe.

Un pobo vence a destrucción que sexa:
as potencias da ruína e da morte
mentres teña unha conciencia limpa e pura,
unha idade inocente,
unha lus ceibe nos ollos libres.

Aqueles que "nom sabem d'amor nem amor ham no mundo"
o que sempre perseguiron foi ese entrelazdo: o da familia,
da parella e dos irmáns, de toda^a gens.

Aqueles xamais coñeceron a gracia temesiña
de leite e mel do Amor que é forza e Unión.

Para aqueles nunca baixou como millo degraéndose
a breve soldada ourilocente,
senón a morta enseña de cinza
envolta nas tristes bandeiras de chuvia poallenta.

O que hoxe en **Caldaloba** é ruína de edras e morcegos
foi hai séculos espello altivo e fiel do rostro luminoso
de miña Señora Constanza de Castro: filla do Mariscal
Pardo de Cela.

Ela (permitídemo) é a miña noiva, orfiña, río de cristal,
a primeira en se declarar rebelde ás forzas de Castela
e que a seu pai decapitaran na cidade ben leal de
Londofredo,

unha das sete do grande e fermoso reino de Galiza.

A Ponte do Pasatempo é o noso emblema mudo e pacifista,
pero sempre lembrado pola lealdade non cumprida:
o engano a treizón que **nós** xamais esqueceremos,
pero que nunca servirá de discordia con ninguén,
será secreto noso.

Caldaloba: esta torre que vedes foi residencia
e resistencia ata a morte
da faciana de prata da miña noiva:
Constanza de Castro, cara de lúa e mans de cera.

Cando Constanza **mira fai xerminar o liño**
e no seu sorriso espellaran mil risas de millo pola Chaira.
Cando olla Constanza **orballa sobre o liño**
e na alborada feliz (espello do que Castela tiña o deber de
ser pra nós) as cotovías multiplican o seu canto,
as cotovías multiplican o seu canto.
as cotovías multiplican o seu canto...

Lema: Pastor de soidades